



AGAX ASOCIACIÓN GALEGA DE AXEDRECISTAS

C.I.F. G-15228844

Apartado de Correos 769 - 15080 A Coruña

Teléfonos: 981 150 168 - 608 084 705

www.agax.org - correo electrónico: correo@agax.org

Resumo do programa de actividades

Luns 12 de novembro. Centro Universitario de Riazor.

19,00. "CALENTAMIENTO GLOBAL, UN PROBLEMA DEL TAMAÑO DEL PLANETA".

O programa relata o inmenso reto científico que supón intentar coñecer cal pode ser o futuro do planeta nas condicións actuais de verteduras de gases de efecto invernadoiro á atmosfera.

19,30. Presentación do Programa Xadrez é Ciencia. Xogos co taboleiro de xadrez. Actividade participativa.

Martes 13 de novembro. Centro Universitario de Riazor.

19,00. "LOS LÍMITES DEL ESPACIO".

O documental narra, cunha linguaxe actual e utilizando tanto imaxes históricas como imaxes creadas en 3D, aquel importante fito, brindando aos máis novos a oportunidade de coñecer aqueles momentos. Inclúe unha entrevista exclusiva con Aldrin, un dos astronautas do Apolo que pasearon pola lúa.

19,30. Os xogos da familia do Mancala. O Wari.

Mércores 14 de novembro. Centro Universitario de Riazor.

19,00. "FÍSICOS FORENSES: CIENTÍFICOS Y DETECTIVES".

Na resolución de casos policiais interveñen expertos en diversas disciplinas: avogados, médicos, xuíces, peritos en pegadas dactilares... Cando non se pode responder algún interrogante, acócese a outros especialistas menos coñecidos como os físicos.

19,30. Xadrez e educación.

Xoves 15 de novembro. Centro Universitario de Riazor.

19,00. "LAS ÚLTIMAS HOCES".

Ao entrar no museo etnolóxico de La Font de la Figuera, aínda foi posible atopar aqueles personaxes que nos poden dicir moito sobre os obxectos recuperados. Alí, dous homes cargados de tempo recoñecen un pasado común e senten nese lugar unha emoción especial vendo as fources que lles deu o avó. Aos seus nove anos, o día que comezaron a segar como uns homes, lembran ese pasado de continuas sementes, incertas plantacións e duros traballos para recoller as últimas colleitas.

19,30. O uso das novas tecnoloxías de información e comunicación no xadrez.

Venres 16 de novembro. El Corte Inglés.

Primeira Fase do Torneo Combinado. 19,00 – Torneo FischerRandom. 20,30 – Torneo Damas

Sábado 16 de novembro. Centro Universitario de Riazor.

Segunda Fase do Torneo Combinado. 17,00 – Torneo de Othello. 18,30 – Torneo de Wari. 19,00 – Torneo de LOA. 20,30 – Remate da actividade.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación